

## **CONCRECIÓN CURRICULAR NAS PROGRAMACIÓNS DO CEIP FERMÍN BOUZA BREY ADAPTADAS A ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción en 1º, 3º e 5º de Educación Primaria será automática.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

**O alumnado que acade una valoración positiva en tódalas áreas, promocionará ao curso seguinte. No caso de que algún alumno ou alumna acade una avaliación negativa en dúas ou máis áreas, o equipo docente valorará a súa promoción tendo en conta para a toma desta decisión os seguintes criterios xerais de centro:**

- Valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos para ver si garanten a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo no curso seguinte. Estableceranse en cada programación uns obxectivos mínimos a conseguir que serán a guía para medir a adquisición de competencias e contidos.

- Nivel de madurez do alumno/alumna tomando como referencia a súa idade cronolóxica e o seu grupo de referencia.
- Terase en conta tamén a situación socio-familiar valorando si esta incide positivamente e pode garantir un progreso positivo do alumno/alumna na consecución das competencias e contidos mínimo.

**PLAN DE REFORZO:** Este plan recolle a resposta educativa do alumnado que non promociona de curso. Aínda que a permanencia no mesmo curso trátase dunha medida ordinaria non deixa de representar una fonte de ansiedade para o alumnado especialmente ao ter que enfrontarse a un novo grupo de clase e novo profesorado, e tamén para a familia que teme que a medida sexa máis negativa que positiva. Este alumnado precisa dunha atención específica para que non se reproduzan as mesmas condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados e para reforzar ou recuperar as aprendizaxes nas que o alumno tivo dificultades.

Ademais, este programa está dirixido ao alumnado de educación primaria que se atope nalgunha das situacións seguintes:

- O alumnado que aínda promocionando de curso, non superou alguna das áreas ou materias instrumentais do curso anterior.
- Aquel alumnado nos que se detecten, en calquera momento do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR CURSOS**

### **1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO**

Primarase a valoración entre outros dos seguintes:

- ✓ Realización e resolución das fichas e traballos de aula.
- ✓ Participación activa nas tarefas da clase.
- ✓ Limpeza nos traballos realizados.

Polo que a cualificación das diversas áreas obterase do seguinte xeito:

1. 40%: exames escritos e orais de avaliación para cada unidade didáctica
2. 40%: tarefas realizadas no caderno, fichas e actividades plásticas.
3. 20%: comportamento/cumprimento de normas da aula.

Polo tanto, no referente aos **criterios de cualificación**, **primaremos a proporción asignada ao traballo diario de aula cun 60%**, fronte a un 40% que valerán as probas escritas.

Ademais teremos en conta a **avaliación de aspectos actitudinais** como o esforzo, o coidado do material, etc. Así mesmo, valoraremos o **proceso de integración socio-educativa**, do que informaremos trimestralmente ás familias.

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Para valorar o grao de consecución dos obxectivos previstos aplicando a metodoloxía, tendo en conta a adquisición das competencias, os criterios de avaliación e utilizando os distintos instrumentos de avaliación.

A cualificación establecerase a partir da análise da aprendizaxe e do progreso nas actividades e tarefas realizadas por parte do alumnado. Para iso, o profesor terá en conta e cualificará os diferentes aspectos tratados.

| %   | Elementos avaliábeis   |
|-----|--|
| 60% | Preguntas e respostas na clase.<br><br>Atención, interese e aplicación do aprendido.<br><br>Tarefas realizadas na aula, participacións orais, saída o encerado, actitude, tarefas realizadas na aula.<br><br>Traballo individual e traballo en grupo.<br><br>Coidado do material.<br><br>Cumprimento das normas. |
| 40% | Probas orais e escritas  |

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada materia. Estes criterios de avaliación concréntanse a través dos estándares de aprendizaxe, que permiten definir os resultados da aprendizaxe, e que especifican os coñecementos que o alumno debe acadar en cada caso.

Os niveis de desempeño das competencias poderanse medir a través de indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír rangos dirixidos á avaliación de desempeños, que teñan en conta o principio de atención á diversidade.

A cualificación das diversas áreas obterase do seguinte xeito:

| <b>Elementos avaliados</b>  | <b>Puntuación máxima</b> |
|---|--------------------------|
| Atención, interese e aplicación do aprendido<br>Tarefas realizadas na aula: participación oral; actividades en fichas, cadernos, encerado ou outros medios.<br>Tarefas realizadas na casa<br>Intervencións positivas na clase<br>Valoración do traballo en grupo<br>Coidado do material<br>Cumprimento das normas<br>Correcto trato cos compañeiros e cos mestres | 50 %                     |
| Probas de avaliación escritas ou orais  | 50 %                     |

En canto á área de educación artística, a nota da área será a media resultante das partes de plástica e música, coa condición de que cada parte teña unha nota de suficiente ou superior. No caso de que algunha delas teña unha nota de insuficiente, a nota da área será insuficiente.

Valorarase o gusto polo traballo a facer, a creatividade e o proceso máis que o resultado.

Garantirase o suficiente sempre que o alumno/a supere os criterios mínimos establecidos para cada vez que sexa avaliado.

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Levaremos a cabo unha avaliación continua, global, formativa e integradora e teremos en conta o progreso do alumno no conxunto de todas as áreas do currículo.

Empregaremos para a recollida da información diferentes procedementos. Tales como: listas de control, probas obxectivas, controis temáticos, rexistros anecdóticos, observación directa, entrevistas cos pais, entrevistas cos alumnos..

Así mesmo sinalar que ao tratarse dunha avaliación continua poderemos incorporar reforzos ou ampliacións para aqueles alumnos que o necesiten en calquera momento do curso.

Para levar a cabo a cualificación teremos como referente una serie de instrumentos de avaliación cuxa valoración nos aportará a nota final dos alumnos. Dita cualificación aplicarase do seguinte xeito:

| <b>Elementos avaliábeis</b>  | <b>Puntuación máxima</b> |
|--|--------------------------|
| Atención, interese e aplicación do aprendido<br>Tarefas realizadas na aula: participación oral; actividades en fichas, cadernos, pizarra ou outros medios.<br>Tarefas realizadas na casa<br>Intervencións positivas na clase<br>Valoración do traballo en grupo<br>Coidado do material<br>Cumprimento das normas<br>Correcto trato cos compañeiros e cos mestres | 30 %                     |
| Probas de avaliación escritas ou orais   | 70 %                     |

## 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Levaremos a cabo unha avaliación continua, global, formativa e integradora e teremos en conta o progreso do alumno no conxunto de todas as áreas do currículo.

Empregaremos para a recollida da información diferentes procedementos. Tales como: listas de control, probas obxectivas, controis temáticos, rexistros anecdóticos, observación directa, entrevistas cos pais, entrevistas cos alumnos..

Así mesmo sinalar que ao tratarse dunha avaliación continua poderemos incorporar reforzos ou ampliacións para aqueles alumnos que o necesiten en calquera momento do curso.

Consideramos a avaliación como un método de revisión e análise dos elementos que interveñen no proceso de ensino, por iso faremos:

- Unha revisión continuada da propia actividade avaliadora valorando a súa adecuación, calidade, eficiencia e a coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.
- Temporalización equilibrada.
- Observación sistemática do desenvolvemento do grupo clase para comprobar se a programación é axeitada ás características do grupo e se as aprendizaxes foron significativas.

Para levar a cabo a cualificación teremos como referente una serie de instrumentos de avaliación cuxa valoración nos aportará a nota final dos alumnos. Dita cualificación aplicarase do seguinte xeito:

- Probas de avaliación escritas ou orais: 80 % da nota
- Resolución das tarefas propostas, exposicións orais, cadernos, participación, atención, interese e aplicación do aprendido: 20 % da nota.



## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Levaremos a cabo unha avaliación continua, global, formativa e integradora e teremos en conta o progreso do alumno no conxunto de todas as áreas do currículo.

Empregaremos para a recollida da información diferentes procedementos. Tales como: listas de control, probas obxectivas, controis temáticos, rexistros anecdóticos, observación directa, entrevistas cos pais, entrevistas cos alumnos..

Así mesmo sinalar que ao tratarse dunha avaliación continua poderemos incorporar reforzos ou ampliacións para aqueles alumnos que o necesiten en calquera momento do curso.

Consideramos a avaliación como un método de revisión e análise dos elementos que interveñen no proceso de ensino, por iso faremos:

- Unha revisión continuada da propia actividade avaliadora valorando a súa adecuación, calidade, eficiencia e a coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.
- Temporalización equilibrada.
- Observación sistemática do desenvolvemento do grupo clase para comprobar se a programación é axeitada ás características do grupo e se as aprendizaxes foron significativas.

Para levar a cabo a cualificación teremos como referente una serie de instrumentos de avaliación cuxa valoración nos aportará a nota final dos alumnos. Dita cualificación aplicarase do seguinte xeito:

- Probas de avaliación escritas ou orais: 80 % da nota
- Resolución das tarefas propostas, exposicións orais, cadernos, participación, atención, interese e aplicación do aprendido: 20 % da nota.